



IES "Isaac Díaz Pardo"



# PEC

## Documento 2

➔ *Plan de igualdad*



*Plan de igualdad*



*PEC - Documento 2*



*Plan de igualdad*



*IES "Isaac Díaz Pardo"*

<b>1. INTRODUCCIÓN</b> .....	3
<b>2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO</b> .....	8
2.1. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA.....	8
2.2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO.....	13
<b>3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA</b> .....	14
<b>4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN</b> .....	20
4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES .....	20
4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO .....	20
4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL	21
4.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA .....	21
<b>5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS</b> .....	22
5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO .....	22
5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES .....	25
5.3. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES .....	28
5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR .....	30
<b>6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN</b> .....	31

*O presente documento ten por obxecto dar cumprimento á Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de Plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional*

*O Claustro de profesores, en reunión ordinaria celebrada o 29 de xaneiro de 2020, avaliou e aprobou o Plan que aquí se presenta.*

*O Plan é informado ao Consello Escolar, en reunión ordinaria celebrada o 29 de xaneiro de 2020.*

## 1. INTRODUCCIÓN

O plan de igualdade que se presenta forma parte do Proxecto Educativo do Centro (PEC) e desenvólvese anualmente no marco da Programación Xeral Anual (PXA) co fin de enriquecerase coas melloras de diagnóstico, programación e execución que o centro considere.

O plan de igualdade reflicte a diagnose da situación, principios orientadores, obxectivos, medidas concretas de actuación e instrumentos de avaliación para fomentar e potenciar a educación en igualdade entre mulleres e homes no ámbito educativo, baseándose nos **principios** que se relacionan:

### 1. **Valores democráticos**

A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos

### 2. **Transversalidade**

A perspectiva de xénero intégrase no proxecto educativo como estratexia de introdución da transversalidade nas políticas públicas educativas.

### 3. **Inclusión**

A aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.

### 4. **Igualdade de oportunidades**

O centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional

### 5. **Visibilidade**

O plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.

O obxectivo é motivar a participación da comunidade educativa na promoción da igualdade, na eliminación dos estereotipos, na prevención da violencia machista e na visibilización da diversidade afectivo sexual.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional contribúe ao desenvolvemento do Plan con recursos económicos extraordinarios para o desenvolvemento das actividades e coa posta a disposición dos seguintes recursos:

#### ▪ **Asesoría de Igualdade**

A dispor da comunidade educativa para a resolución das consultas relacionadas coas necesidades dos centros e do persoal docente.

#### ▪ **Portal de igualdade**

Contén novas de actualidade, actividades formativas, publicacións de interese, boas prácticas, premios e certames

<http://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>.

- **I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020**

Documento programático que recolle 27 medidas a través das cales a Consellería busca reforzar o traballo en igualdade dos centros.

[http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/i\\_plan\\_de\\_actuacions\\_para\\_a\\_igualdade\\_nos\\_centros\\_educativos\\_de\\_galicia\\_2016\\_2020.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/i_plan_de_actuacions_para_a_igualdade_nos_centros_educativos_de_galicia_2016_2020.pdf)

- **Materias específicas de igualdade**

Materias de libre configuración autonómica de libre elección para os centros:

"Igualdade de Xénero" (para 1º/2º da ESO)

"Coeducación para o Século XXI" (para 1º de bacharelato).

- **Formación do profesorado**

- **Convocatoria de contratos-programa**

Inclúe unha modalidade específica para o traballo en igualdade co fin de reforzar con recursos económicos extraordinarios o traballo dos centros arredor dos obxectivos coeducativos.

- **Convocatoria de Plan Proxecta**

Inclúe varios programas que traballan especificamente sobre igualdade: Rapazas emprendedoras nas TIC, De Ítaca a Ávalon, Donas de si, Por 365 de respecto e igualdade, Galicons-net (modalidade a. Consumo e xénero), Xente con Don e Quérote+.

- **Outras convocatorias e premios de igualdade**

Publicadas pola Secretaría Xeral de Igualdade.

Nuns casos trátase de convocatorias que sempre están relacionadas coa igualdade (Premio de curtametraxes Alice Guy-Blaché, I Premio pola Igualdade Carmen López-Cortón, Concurso de carteis e pezas gráficas do 25 de novembro, Concurso de carteis e pezas gráficas do 8 de marzo). E noutros casos trátase de convocatorias que circunstancialmente se ocupan da igualdade (Club de Letras 2019/20, Comunicatedu 2018/19, Premios Plan Proxecta).

- **Calendario escolar 2019/20**

Recolle como datas sinaladas o 25 de novembro (Día Internacional contra a Violencia de Xénero) e o 8 de marzo (Día Internacional da Muller) destinadas a realizar actividades de sensibilización.

- **Maletas de igualdade**

Recurso bibliográfico semellante ás maletas viaxeiras de Bibliotecas escolares. Consiste en 3 maletas emprestables a través dos CFR: unha maleta de libros de lectura para educación infantil e primaria, outra para educación secundaria e outra con publicacións máis técnicas para o profesorado.

Listaxe de publicacións que conteñen:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23505>

▪ **Pacto de Estado contra a violencia de xénero**

Máis información nos seguintes enlaces

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/27097>

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/pactoEstado/home.htm>

**Síntese do traballo de coeducación desenvolvido ata o momento de elaborar este plan:**

- Presenza da coeducación como marca de identidade do **Proxecto educativo de Centro**
- Concreción dos obxectivos coeducativos a través dos **plans do centro**, como o **Plan de orientación á acción tutorial (PAT)**, instrumento pedagóxico-didáctico que articula, a medio e longo prazo, o conxunto de accións do equipo docente de un centro educativo, en coherencia cos seus propósitos educativos.  
O PAT facilita a difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización. Nas sesións de titoría lévanse a cabo programas para a promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero, talleres de elección profesional non sexista dirixidos a estudantes e familias, talleres de corresponsabilidade e de fomento do emprendemento feminino entre estudantes.
- Actividades planificadas polo **Departamento de Orientación**: charlas sobre saídas académicas e profesionais, información sobre ciclos formativos, graos, enxeñarías, etc. así como colaboración cos servizos de orientación universitarios,
- Implementación no curso 2017/18 do **Programa TEI**, orientado a mellorar a integración escolar e traballar por unha escola inclusiva, fomentando que as relación entre iguais sexan máis satisfactorias, dirixido á mellora ou modificación do clima e cultura do centro respecto da convivencia, conflito e violencia.
- O centro renova a participación na actuación de Contratos Programa **“Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros”**.
- Nomeamento dunha **persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar**
- Está prevista no Plan de Convivencia a activación de **protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia** por razón de xénero
- No curso 2018/19 bota a andar a **Aula de Convivencia** como medida organizativa para favorecer a mesma. Os criterios e condicións para a atención do alumnado, foron establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).
- Difusión do Protocolo de identidade de xénero que, polo momento, non foi aplicado.

- Participación, dende o curso 2014/15, no **Programa Eduemprende** potenciando o emprendemento das mulleres e homes e promocionando a orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Desenvolvemento anual do Proxecto **DCINE**. Empregando o medio audiovisual pretende formar ao alumnado en valores, actitudes e habilidades sociais imprescindibles para o desenvolvemento persoal e social.
- No curso 2017/18 alumnado de 2º de Bacharelato que cursa a materia de Literatura Galega do Século XX e a Actualidade, titorizado polo profesor Xosé Seoane, **gaña o IV Concurso de Guións contra a Violencia de Xénero**, convocado pola Área de Igualdade da Deputación da Coruña
- No curso 2018/19 desenvólvese o Proxecto **eTwinning: Intercambio Reims-Sada**: Da mobilidade virtual á física, Loita contra os estereotipos.
- Organización de **Recreos Maker** co fin de promocionar o atractivo vocacional das materias STEM, en especial das vocacións femininas.
- Realización de **actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas** no calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, Día de Rosalía de Castro, Día Mundial da Poesía, Día das Letras Galegas...).  
Interveñen departamentos, equipo de biblioteca, equipo de dinamización lingüística ...:  
Exposición **Mulleres ocultas**  
Exposición **“Tod@s somos diferentes”**  
Identificación de **libros con adhesivo estrela azul** con temática ética e de educación en valores relacionada coa orientación sexual, feminismo, bullying, violencia de xénero, inmigración, racismo e inclusión en xeral.  
**Performance Eros**. Lectura dramática do mito do Eros (Amor), que se narra nun dos diálogos de Platón (O Banquete)  
O Proxecto **Consteladas** colabora, no curso 2019/20, na organización e desenvolvemento de actividades en prol da igualdade
- Desenvolvemento, no curso 2019/20, do Proxecto **Erasmus + (KA1), Compartindo Espazos de Aprendizaxe**, que contempla como obxectivos no eido da mobilidade:  
Achegar a comunidade educativa a novas culturas para rachar cos estereotipos.  
Educar para que as xeracións futuras abandonen a intolerancia como xeito de expresión  
Educar en valores globais
- Participación no **Concurso de Curtametraxes 2019**, baixo o lema **Facemos historia pola Igualdade** (*Resolución do 14 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca o Premio Curtametraxes Alice Guy-Blaché 2019 para os centros docentes públicos*)  
Aproveitando a oportunidade da convocatoria fórmase un grupo de traballo no que participan tres profesores xunto con 28 alumnos e alumnas de 4º ESO que centran o proxecto en base ao estudo, dende unha perspectiva nacional, das mulleres que historicamente máis influíron na loita pola igualdade de dereitos das mulleres e dos homes. Analizados os perfís dunha ampla relación de mulleres que se significaron pola loita pola igualdade, elixiron a Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán e Clara Campoamor. As dúas primeiras, galegas, relacionadas directamente coa loita polo acceso da muller á educación como base fundamental para acadar a igualdade de dereitos, e

a terceira, madrileña, polo seu compromiso na consecución do dereito a voto das mulleres.

Finalmente, baseándose na documentación recollida de ambas as tres protagonistas, propúxose para o estudo e análise, o guión literario e as directrices básicas para a elaboración do guión gráfico ou story board.

- No curso 2019/20 dáse a coñecer ao alumnado de 2º Bacharelato o **Servicio de Voluntariado Europeo**. Proxecto financiado pola UE e pertencente ao programa Erasmus +. Permite á xuventude residente legalmente en Europa realizar un servizo voluntaria internacional nunha organización ou institución de Europa por un período de longa duración (entre 6 e 12 meses), realizando tarefas de información, atención social, comunicación e conservación do medio.
- **Colaboracións no contexto socioeducativo:**
  - Desenvolvemento **Programa Socioeducativo da Deputación da Coruña para a prevención da violencia de xénero 2017/18, 2018/19**  
Campañas:  
Suprime o control  
Quen dixo medo?
  - Traballo conxunto cos **Servizos Sociais do Concello de Sada** na procura da redución das desigualdades no eido familiar e do absentismo escolar.
  - Iniciativa conxunta da **Concellería de Benestar Social e Igualdade do Concello de Sada e a Fundación Autismo Galicia** na procura dun Concello máis accesible cognitivamente a través de pictogramas nas instalacións públicas.
  - Traballo conxunto **Delegación Cruz Roja en Sada** no desenvolvemento das actividades que se relacionan:  
Escola de Pais e Nais  
Programa de Promoción do Éxito Escolar  
Talleres de Autoestima  
Difusión do Programa de Voluntariado entre o alumnado de bacharelato.
  - Renovación anual da participación nas actuacións incluídas no **Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos**. Charlas informativas/formativas dobre temáticas varias: violencia de xénero, novas tecnoloxías... impartidas por persoal experto das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
  - Traballo conxunto coa **ANPA** nas conmemoracións e actividades planificadas.
  - Traballo conxunto co **Centro de Formación e Recursos da Coruña** no desenvolvemento do **Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)**. Dende o curso 2017/18, o centro inicia e renova anualmente a participación en **PFPP Liña Convivencia**, sendo obxecto de traballo de maneira directa ou transversal a perspectiva de xénero.
  - Colaboración coa **Universidade Brasileira no Programa de Educación “Ensino e inclusión social”** na Universidade Social Rural de Pernanburco.
  - Participación no curso 2019/20, en colaboración co Concello de Sada, na campaña **“En Negro contra a Violencia de Xénero”**.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

### 2.1. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA

O marco lexislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

#### Europeo

##### **Tratado de Funcionamento da Unión Europea.**

*Artigo 8. No eido concreto da educación, a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes, despois de 2015, considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.*

#### Estatal

##### **Constitución Española de 1978**

*Artigo 9.2: Corresponde a los poderes públicos promover las condiciones para que la libertad e igualdad del individuo y de los grupos en los que se integra sean reales y efectivas; remover los obstáculos que impidan o dificulten su plenitud y facilitar la participación de la ciudadanía en la vida política, económica, cultural y social.*

*Artigo 14: Los españoles son iguales ante la ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social.*

##### **Real Decreto 1686/2000, del 6 de octubre, por el que se crea el Observatorio de la Igualdad de Oportunidades entre mujeres y hombres.**

##### **Ley Orgánica 5/2002, de 19 de junio, de las Cualificaciones y de la Formación Profesional.**

##### **Ley 30/2003, de 13 de octubre, sobre medidas para incorporar la valoración del impacto de género en las disposiciones normativas que elabore el Gobierno.**

##### **Ley orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género.**

##### **Ley orgánica 2/2006, do 3 de mayo, de educación**

*Preámbulo. Para la sociedad, la educación es el medio de transmitir y, al mismo tiempo, de renovar la cultura y el acervo de conocimientos y valores que la sustentan, de extraer las máximas posibilidades de sus fuentes de riqueza, de*

*fomentar la convivencia democrática y el respeto a las diferencias individuales, de promover la solidaridad y evitar la discriminación, con el objetivo fundamental de lograr la necesaria cohesión social.*

*Entre los fines de la educación se resaltan el pleno desarrollo de la personalidad y de las capacidades afectivas del alumnado, la formación en el respeto de los derechos y libertades fundamentales y de la igualdad efectiva de oportunidades entre hombres y mujeres, el reconocimiento de la diversidad afectivo-sexual, así como la valoración crítica de las desigualdades, que permita superar los comportamientos sexistas*

### **Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres.**

*Artículo 23. La educación para la igualdad de mujeres y hombres.*

*El sistema educativo incluirá entre sus fines la educación en el respeto de los derechos y libertades fundamentales y en la igualdad de derechos y oportunidades entre mujeres y hombres.*

*Asimismo, el sistema educativo incluirá, dentro de sus principios de calidad, la eliminación de los obstáculos que dificultan la igualdad efectiva entre mujeres y hombres y el fomento de la igualdad plena entre unas y otros.*

*Artículo 24. Integración del principio de igualdad en la política de educación.*

*1. Las Administraciones educativas garantizarán un igual derecho a la educación de mujeres y hombres a través de la integración activa, en los objetivos y en las actuaciones educativas, del principio de igualdad de trato, evitando que, por comportamientos sexistas o por los estereotipos sociales asociados, se produzcan desigualdades entre mujeres y hombres.*

*2. Las Administraciones educativas, en el ámbito de sus respectivas competencias, desarrollarán, con tal finalidad, las siguientes actuaciones:*

*a) La atención especial en los currículos y en todas las etapas educativas al principio de igualdad entre mujeres y hombres.*

*b) La eliminación y el rechazo de los comportamientos y contenidos sexistas y estereotipos que supongan discriminación entre mujeres y hombres, con especial consideración a ello en los libros de texto y materiales educativos.*

*c) La integración del estudio y aplicación del principio de igualdad en los cursos y programas para la formación inicial y permanente del profesorado.*

*d) La promoción de la presencia equilibrada de mujeres y hombres en los órganos de control y de gobierno de los centros docentes.*

*e) La cooperación con el resto de las Administraciones educativas para el desarrollo de proyectos y programas dirigidos a fomentar el conocimiento y la difusión, entre las personas de la comunidad educativa, de los principios de coeducación y de igualdad efectiva entre mujeres y hombres.*

*f) El establecimiento de medidas educativas destinadas al reconocimiento y enseñanza del papel de las mujeres en la Historia*

### **Ley 3/2007, de 15 de marzo, reguladora de la rectificación registral de la mención relativa al sexo de las personas.**

### **Ley orgánica 8/2013, del 9 de diciembre, para la mejora da calidad educativa**

**Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febrero, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad.**

*Artículo 17. El currículo regulador del sistema educativo.*

*1. La Xunta de Galicia adoptará, dentro de sus competencias, las medidas conducentes a proporcionar, tanto a las mujeres como a los hombres, una educación para la igualdad. A estos efectos, el currículo regulador de la práctica docente de cada uno de los niveles, etapas, ciclos, grados y modalidades del sistema educativo se adaptará a las siguientes especificaciones relativas a objetivos, contenidos, metodología y criterios de evaluación:*

*a) La comprensión del valor constitucional de la igualdad entre ambos sexos como objetivo de especial atención, sin que, en ningún caso, se admitan contenidos, metodología o criterios de evaluación transmisores, directa o indirectamente, de una distribución estereotipada de papeles entre los sexos o de una imagen de dominación de un sexo sobre el otro en cualquier ámbito de la vida.*

*b) El enriquecimiento del contenido curricular con las contribuciones al conocimiento humano realizadas por las mujeres en el pasado y en el presente, y con el adecuado reflejo del papel de las mujeres en la evolución histórica.*

*c) La adquisición, en alumnos y alumnas, de los conocimientos y actitudes necesarias que les permitan, cuando alcancen la madurez, atender a sus propias necesidades domésticas y a las labores familiares compartidas, inclusive las cargas parentales y la atención de familiares que, por dependencia, necesiten la asistencia de otras personas, mujeres u hombres.*

*d) El fomento de las vocaciones femeninas en aquellas áreas en que se encuentren infrarrepresentadas las mujeres y el fomento de las vocaciones masculinas en aquellas áreas en que se encuentren infrarrepresentados los hombres, buscando evitar las decisiones profesionales derivadas de perjuicios.*

*e) La garantía de la coeducación en la Comunidad Autónoma de Galicia dentro de sus competencias propias.*

*2. La Xunta de Galicia incluirá en los programas de formación del profesorado, como materia específica, la igualdad y la violencia de género.*

*Artículo 18. Erradicación de prejuicios en los centros docentes.*

*1. No se admitirán, en el centro docente, las desigualdades entre alumnos y alumnas sustentadas en creencias, prejuicios, tradiciones o prácticas consuetudinarias transmisoras, directa o indirectamente, de una distribución estereotipada de papeles entre los sexos o de una imagen de dominación de un sexo sobre el otro en cualquier ámbito de la vida.*

*2. De forma directa, las docentes y los docentes no permitirán ninguna forma de machismo y de misoginia que pudiera existir en el seno de la comunidad escolar y, en particular, entre niños y niñas y adolescentes, aplicarán activamente principios pedagógicos de respeto a la identidad y a la imagen de las mujeres.*

*Con tales efectos, en los reglamentos internos de los centros educativos, se habrán de explicitar las medidas de corrección o sanción de comportamientos sexistas.*

### **Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (27 de xullo de 2017)**

Recolle que se promoverá a aprobación de plans de igualdade nos centros de ensino nas etapas de educación primaria e secundaria obrigatoria.

Entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación aquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

### **Autonómica**

#### **Estatuto de Autonomía de Galicia (1981).**

*Corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e as galegas na vida política, económica, cultural e social.*

**Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes**

**Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia**

**Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero**

**V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007-2010).**

**Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014)**

**Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.**

**Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.**

**Decreto lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres**

**VI Plan Galego para a igualdade entre homes e mulleres. (Estratexia 2013 - 2015)**

**Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.**

**Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.**

**Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade**

**Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero. (Abril 2016)**

**I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.**

**Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Observatorio Galego de Violencia de Xénero (2017).**

**VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.**

### **ÁMBITO MUNICIPAL**

O concello de Sada conta con Concellería de Benestar Social e Igualdade.

O compromiso do Concello de Sada coa Igualdade de xénero arrinca en 2006 co **I Plan de Igualdade de Oportunidades** que supuxo un primeiro paso necesario para a introdución da perspectiva de xénero nas políticas municipais. Posteriormente, no **II Plan de Igualdade de Oportunidade entre Mulleres e Homes 2014-2018**, avanzouse notablemente en concretar estas políticas, a través de 8 eixes, 9 obxectivos estratéxicos, 29 obxectivos operativos e 74 accións.

Destináronse fondos do Pacto de Estado a nivel local para realizar talleres de educación emocional cos centros educativos.

Asemade realizáronse nos últimos anos actividades financiadas pola Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e a FEGAMP.

## 2.2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

Obxectivos coeducativos e documentos de centro, destacan:



- **Proxecto Educativo de Centro**
  - Promover a colaboración activa do profesorado co Departamento de Orientación coñecendo e cumprindo o PAT e o de Orientación Académica e Profesional
  - Conseguir un clima de responsabilidade que fomente a convivencia.
  - Fomentar actividades que propicien a participación das familias e dos restantes compoñentes da comunidade educativa
  
- **Plan de Convivencia**
  - Actuar dende a prevención
  - Xestionar con transparencia e obxectividade
  - Rapidez na resolución dos conflitos
  - Transmitir ao alumnado a sensación de proximidade, atención e apoio.
  - Promover a implicación de todas as familias
  - Impulsar as relacións fluídas e respectuosas entre os membros da comunidade educativa
  - Fomentar valores como: a responsabilidade dos propios actos, o respecto á diversidade e, por conseguinte, fomentar a solidariedade, a tolerancia, a igualdade e a xustiza, a convivencia pacífica.
  - Seguir investigando
  
- **Plan de Acción Titorial**
  - Facilitar a integración do alumnado no seu grupo-clase e na vida do centro promovendo a súa participación activa.
  - Desenvolvemento psicosocial do alumnado
  - Potenciar o seguimento do proceso individual realizado por cada alumno e a atención as necesidades educativas en xeral e as necesidades educativas especiais derivadas do mesmo.
  - Orientar e apoiar os contactos periódicos do titor/a coas familias co fin de establecer colaboracións concretas ou pautas para o seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
  - Favorecer o proceso de maduración vocacional.

### 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA

#### Características socioeconómicas do concello

Sada é un concello densamente poboado cun crecemento de poboación continua e de tendencia constante, debido á chegada de persoas procedentes doutros municipios e de persoas inmigrantes que se instalan no concello. Conta a 1 de xaneiro de 2019 con 15.841 habitantes, 346 máis ca no ano 2018.

De seguido reflíctense os datos publicados polo INE, procedentes do padrón municipal de 2018.



Segundo os datos publicados polo Ministerio de Hacienda a renda bruta media no concello en 2017 foi de 26.787 €, 1.092 € máis ca no ano 2016, situándose entre os municipios con maior renda bruta media na comunidade autónoma.

Segundo os datos publicados polo SEPE no mes de novembro de 2019 o número de parados descende en 21 persoas, situándose en 927, dos que 404 son homes

e 523 mulleres. O grupo de idade máis afectado polo paro é o de maiores de 45 anos, sendo o sector servizos o que concentra maior número de parados.

A actividade empresarial é reducida. O número de empresas por actividade representa o 1,27% en relación co total da provincia (IGE 2017). O 75,74% da actividade empresarial concéntrase no sector servizos.

Algúns colectivos de inmigrantes veñen acompañados da súa familia, integrándose na comunidade e rexentando os seus propios negocios.

A principal fortaleza derivada do exposto a constitúe o enriquecemento derivado da interculturalidade. As dificultades derivan do diferente nivel competencial do alumnado, en especial a competencia en comunicación lingüística.

### **Características do centro educativo:**

O IES Isaac Díaz Pardo é un centro público que oferta Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato (Modalidade: Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais) e Educación Secundaria de Adultos (Módulos 3 e 4).

O alumnado procede, maioritariamente, dos centros adscritos CEIP Pedro Barrié de la Maza, CEIP Sada e Contornos, para ensinanzas de ESO e IES O Mosteirón para ensinanzas de Bacharelato.

O centro conta con liña 3 na ESO e Bacharelato.

De seguido reflíctense os datos máis relevantes, extraídos do Documento de Recollida de Datos (DRD) e Documento de Recollida de Datos de Atención á Diversidade (DRDADI):

- Representación do profesorado en órganos de decisión e comisións en funcionamento.

	Curso 2019/20	
	Homes	Mulleres
<i>Equipo Directivo</i>	3	2
<i>Claustro</i>	14	35
<i>Consello Escolar</i>	3	8
<i>CCP</i>	7	17
<i>Comisión Convivencia</i>	3	2
<i>Comisión Económica</i>	0	4
<i>Equipo Biblioteca</i>	0	5
<i>Equipo Dinamización Lingüística</i>	1	2

- Representación do alumnado en órganos de decisión e comisións en funcionamento.

	Curso 2019/20	
	Homes	Mulleres
<i>Consello Escolar</i>	2	2
<i>Comisión Convivencia</i>	0	1
<i>Comisión Económica</i>	1	0
<i>Equipo Dinamización Lingüística</i>	1	2

▪ Matrícula nos distintos itinerarios formativos.

	Curso 2018/9		Curso 2019/20	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
1º ESO	48	48	56	43
2º ESO	29	49	43	49
3º ESO	36	46	37	51
4º ESO APLICADAS	9	11	16	10
4º ESO ACADÉMICAS	32	17	24	33
1º BACH CIENCIAS	15	15	27	15
1º BACH CIENCIAS SOCIAIS	18	10	15	20
1º BACH HUMANIDADES	0	6	3	5
2º BACH CIENCIAS	18	7	11	13
2º BACH CIENCIAS SOCIAIS	14	17	21	12
2º BACH HUMANIDADES	5	13	0	8
ESA. MÓDULO III	3	2	6	1
ESA. MÓDULO IV	5	5	10	2
<b>TOTAL</b>	<b>227 (49%)</b>	<b>241 (51%)</b>	<b>259 (50%)</b>	<b>260 (50%)</b>

▪ Titulación.

	Curso 2018/19					
	Matrícula		Alumnado que titula		%	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
4º ESO APLICADAS	9	11	6	10	67%	91%
4º ESO ACADÉMICAS	31	18	25	17	81%	94%
2º BACH CIENCIAS	17	7	14	5	82%	71%
2º BACH CIENCIAS SOCIAIS	13	17	10	16	77%	94%
2º BACH HUMANIDADES	5	13	5	13	100%	100%
ESA. MÓDULO IV	5	5	2	4	40%	80%

▪ Resultados académicos.

	Curso 2018/19					
	Matrícula		Alumnado que promociona		%	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
1º ESO	48	48	42	45	88%	94%
2º ESO	29	49	26	46	90%	94%
3º ESO	37	46	32	42	86%	91%
1º BACH CIENCIAS	15	15	11	13	73%	87%
1º BACH CIENCIAS SOCIAIS	18	9	17	9	94%	100%
1º BACH HUMANIDADES	0	6	0	6	100%	100%
ESA. MÓDULO III	3	2	1	2	33%	100%

▪ Alumnado repetidor

	Curso 2019/20	
	Homes	Mulleres
1º ESO	7	3
2º ESO	1	2
3º ESO	6	4
4º ESO	5	1
1º BACH	0	2

2º BACH	4	3
ESA. MÓDULO III	1	0
ESA MÓDULO IV	1	0

- Necesidades específicas de apoio educativo: NEE, Altas capacidades, Incorporación tardía, Específicas de aprendizaxe, Outras condicións especiais, Trastorno por déficit de atención

	Curso 2019/20	
	Homes	Mulleres
1º ESO	21	11
2º ESO	12	8
3º ESO	6	8
4º ESO	8	7
1º BACH	2	0
2º BACH	1	1

Conduñas leves contrarias á convivencia.

	Curso 2018/19			
	Conduñas leves		%	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
1º ESO	157	15	91%	9%
2º ESO	8	15	35%	65%
3º ESO	40	30	57%	43%
4º ESO	39	7	85%	15%
1º BACH	12	11	52%	48%
2º BACH	10	1	91%	9%
ESA	0	0	0%	0%
<b>TOTAL</b>	<b>266</b>	<b>79</b>	<b>77%</b>	<b>23%</b>

Conduñas gravemente prexudiciais para a convivencia.

	Curso 2018/19			
	Conduñas graves		%	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
1º ESO	3	0	100%	

Participación nas actividades complementarias, algúns exemplos:

	%			
	Representación			
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Desafío STEM 2018/19	2	3	40%	60%
Desafío STEM 2019/20	2	4	33%	67%
X Concurso Galego Robótica	7	1	87%	13%

En xaneiro de 2020, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pon a disposición do centro os resultados da **Macroenquisa de convivencia aplicada no curso 2018/19**. De seguido reflíctese o informe sobre a situación de igualdade e inclusión no centro derivado da recollida de datos da comunidade educativa.

	<b>ESO</b>	<b>BACHARELATO</b>	<b>PROFESORADO</b>	<b>FAMILIAS</b>	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>
<b>% PARTICIPACIÓN</b>	<b>86%</b>	<b>63%</b>	<b>81%</b>	<b>3,64%</b>	<b>44%</b>
<i>Todo o mundo é benvido ao centro</i>	Moitas veces: 73,4% Bastantes veces: 20,3% Poucas veces: 1,7%	Moitas veces: 73% Bastantes veces: 27% Poucas veces: 0%	Moitas veces: 84,6% Bastantes veces: 12,8% Poucas veces: 0%	Moitas veces: 60,7% Bastantes veces: 10,7% Poucas veces: 3,6%	Moitas veces: 75% Bastantes veces: 25%
<i>Os/as estudantes apóianse mutuamente</i>	Bastantes veces: 53,8% Moitas veces: 15,5% Poucas veces: 25,2%	Bastantes veces: 60,7% Moitas veces: 22,5% Poucas veces: 13,5%	Moitas veces: 74,4% Bastantes veces: 25,6% Poucas veces: 0%	Bastantes veces: 39,3% Moitas veces: 25% Poucas veces: 21,4%	Moitas veces: 75% Bastantes veces: 25%
<i>O equipo educativo e os/as estudantes respéctanse mutuamente</i>	Bastantes veces: 43,1% Moitas veces: 26,9% Poucas veces: 22,1%	Bastantes veces: 66,3% Poucas veces: 19,1% Moitas veces: 13,5%	Bastantes veces: 69,2% Moitas veces: 10,3% Poucas veces: 20,5%	Bastantes veces: 50% Moitas veces: 21,4% Poucas veces: 14,3%	Bastantes veces: 50% Sen resposta: 50%
<i>Os/as adultos/as e os/as estudantes son receptivos á variedade de identidades de xénero</i>	Moitas veces: 46,9% Bastantes veces: 33,4% Poucas veces: 5,5%	Bastantes veces: 48,3% Moitas veces: 38,2% Poucas veces: 6,7%	Bastantes veces: 74,4% Moitas veces: 23,1% Poucas veces: 2,6%	Moitas veces: 35,7% Bastantes veces: 25% Poucas veces: 10,7%	Moitas veces: 75% Bastantes veces: 25%
<i>O equipo educativo vincula o que ocorre no centro coa vida dos/as estudantes no fogar</i>	Bastantes veces: 34,5% Poucas veces: 25,5% Moitas veces: 19,7%	Poucas veces: 39,3% Bastantes veces: 24,7% Moitas veces: 12,4%	Bastantes veces: 66,7% Poucas veces: 17,9% Moitas veces: 15,4%	Bastantes veces: 21,4% Moitas veces: 14,3% Poucas veces: 21,4%	Bastantes veces: 75% Sen resposta: 25%
<i>Os/as estudantes son valorados por igual</i>	Moitas veces: 45,2% Bastantes veces: 33,1% Poucas veces: 14,1%	Moitas veces: 37,1% Bastantes veces: 31,5% Poucas veces: 21,3%	Bastantes veces: 46,2% Moitas veces: 30,8% Poucas veces: 7,7%	Bastantes veces: 32,1% Moitas veces: 25% Poucas veces: 14,3%	Bastantes veces: 75% Moitas veces: 25%
<i>O centro escolar rexeita todas as formas de discriminación</i>	Moitas veces: 57,9% Bastantes veces: 23,4% Poucas veces: 4,5%	Moitas veces: 56,2% Bastantes veces: 36% Poucas veces: 3,4%	Bastantes veces: 46,2% Moitas veces: 23,1% Poucas veces: 15,4%	Moitas veces: 57,1% Bastantes veces: 14,3% Poucas veces: 10,7%	Moitas veces: 50% Bastantes veces: 50%

<i>O centro escolar promove a convivencia e a resolución pacífica de conflitos</i>	Moitas veces: 58,6% Bastantes veces: 26,2% Poucas veces: 6,9%	Moitas veces: 47,2% Bastantes veces: 31,5% Poucas veces: 14,6%	Bastantes veces: 41% Moitas veces: 23,1% Poucas veces: 15,4%	Moitas veces: 60,7% Bastantes veces: 7,1% Poucas veces: 3,6%	Moitas veces: 25% Bastantes veces: 25% Sen resposta: 50%
--	---	--	--	--	--

**Conclusión final: Diagnóstico coeducativo do centro:**

Indicadores	Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3	Nivel 4
<b>Persoa responsable de igualdade</b>	Non hai	A persoa está nomeada, pero non xestiona nin coordina	A persoa está nomeada e xestiona a coeducación	A persoa está nomeada e coordina a coeducación
<b>Nivel de formación</b>	Non hai formación	A persoa responsable recibiu formación	Existe un grupo de traballo en coeducación	Houbo e existe formación no centro nesta materia
<b>Nivel de intervención co alumnado</b>	Non hai	Só se traballan as efemérides	Accións titoriais individuais e unidades didácticas concretas nalgunhas materias	Transversalidade no currículo
<b>Linguaxe inclusiva</b>	Non se usa	Letreiros, carteis	Uso dependente do profesorado	Uso xeral
<b>Visibilidade das mulleres</b>	Invisibilización das mulleres	Visibilización só en datas concretas	Visibilización dependendo do profesorado	Visibilización transversal
<b>Roles de xénero</b>	Roles moi marcados en todos os niveis	As nenas copian os modelos dominantes de masculinidade. Os nenos refórzano, sen modificalo	Grupo de nenas e nenos que modificaron roles	Nenas e nenos amosan modelos de masculinidade e feminidade igualitarios
<b>Equipos directivos</b>	Reacio á igualdade	Non se implica	Apoio	Apoio e implicación
<b>Diversidade sexual</b>	Non se traballa nin se visible o colectivo LGTBI	Só se visible nas efemérides e se imparte algún taller ao longo do curso	Visible por parte do profesorado e hai algunhas persoas LGTBI visíbeis no centro	Transversalidade no currículo. Alumnado e profesorado formado no tema, que se vive con naturalidade no centro
<b>Identidades de xénero</b>	Non se teñen en conta nin se visible	Visible nalgún momento concreto a persoas trans	Visible dependendo do profesorado	Transversalidade no currículo. Centro inclusivo, onde as distintas identidades de xénero conviven en igualdade

## 4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

### **Obxectivos xerais:**

- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na práctica docente.
- Educar en igualdade lonxe dos estereotipos, prexuízos e discriminación por razón de sexo u orientación sexual.
- Fomentar a reflexión sobre o papel da muller e home nun contorno igualitario.
- Garantir a igualdade de oportunidades no eido escolar.

### **Obxectivos específicos:**

#### 4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

- Promover a educación emocional en igualdade. Promocionar a alfabetización emocional en valores como a empatía, a autoestima, a non violencia...
- Potenciar o uso da linguaxe inclusiva na comunicación externa e interna do centro.
- Favorecer na comunidade educativa a linguaxe inclusiva nas relacións interpersoais entre iguais e adultos.
- Sensibilizar á comunidade educativa sobre a existencia de estereotipos de xénero vinculados ás esferas profesional e á vida persoal e familiar.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia da corresponsabilidade.
- Promover o empoderamento e autoestima feminina.
- Visibilizar as mulleres nos distintos campos do saber.
- Ofrecer unha orientación profesional libre de estereotipos sexistas.
- Promover a elección académica libre de estereotipos.
- Incentivar a práctica de deporte en igualdade no centro.
- Realizar actividades complementarias e extraescolares que potencien as relacións de igualdade entre o alumnado.

#### 4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- Promover a formación do profesorado e alumnado na resolución de conflitos sen violencia.
- Traballar a resolución pacífica de conflitos, insistindo na asertividade e na promoción de relacións non violentas entre iguais.
- Fomentar formas de convivir baseadas no respecto e diálogo.

- Previr a violencia en todos os seus aspectos.
- Desmontar os mitos e estereotipos en torno á violencia para apostar pola responsabilidade social.
- Promover actuacións relativas a sensibilización, visibilización e prevención da violencia de xénero desvoltas no ámbito da acción tutorial.
- Dotar á comunidade educativa dos mecanismos, coñecementos e habilidades precisos para detectar as diversas manifestacións da violencia de xénero e actuar de xeito contundente ante ela.

#### 4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

- Promover a diversidade e a xustiza dende o respecto a aquilo que é diferente.
- Colaborar cos axentes socio-educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual entre todas as persoas destinatarias da comunidade educativa.
- Impartir talleres para a abordaxe da educación afectiva e sexual dende o respecto á diversidade e o desenvolvemento dun proxecto de vida libre e saudable en plenitude.
- Visibilizar a diversidade afectivo-sexual, ofrecendo referentes de persoas con identidade de xénero ou orientación sexual non-normativa, e recoñecer a diversidade familiar.
- Crear espazos amables e inclusivos, que reflectan a diversidade.

#### 4.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA

- Proporcionar información e formación a toda a comunidade educativa, e favorecer entre o alumnado a aprendizaxe e a práctica de valores baseados no respecto ás diferenzas e na tolerancia á sexualidade, co fin de evitar situacións incómodas, humillantes e incluso acoso ou transfobia cara este tipo de alumnado.
- Dar a coñecer persoas, organizacións e fitos relevantes do movemento polos dereitos do colectivo LGBTI.
- Facilitar unha resposta unánime que garanta o dereito á identidade de xénero, desenvolvendo o protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

## 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO		
1. Acadar unha representación máis equitativa nos órganos do centro		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados<sup>1</sup></i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Procurar a paridade nas accións de representación do profesorado</li> <li>▪ Promover a paridade nas accións de participación e representación entre o alumnado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Espazos de traballo e recursos materiais</li> <li>▪ ED</li> <li>▪ DO</li> <li>▪ CC</li> <li>▪ CEC</li> <li>▪ EDL</li> <li>▪ EB</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Porcentaxe de representación homes e mulleres nos órganos e comisións en funcionamento do centro</li> </ul>
2. Promover a dotación de recursos humanos en materia de igualdade		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nomear cada curso escolar, promovendo a continuidade, unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan.</li> <li>▪ Nomear unha persoa coordinadora en materia de igualdade no centro para dirixir as accións enmarcadas no Plan.</li> <li>▪ Constitución dunha Comisión de Coeducación para implementar as accións enmarcadas no Plan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Espazo traballo e recursos materiais e económicos</li> <li>▪ ED</li> <li>▪ CC</li> <li>▪ CEC</li> <li>▪ DO</li> <li>▪ EDL</li> <li>▪ EB</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Continuidade dos nomeamentos en materia de igualdade.</li> <li>▪ Porcentaxe de representación homes e mulleres na Comisión de Coeducación.</li> </ul>

<sup>1</sup> ED: Equipo directivo

CE: Consello Escolar

CC: Comisión de Convivencia

DO: Departamento de Orientación

EDL: Equipo Dinamización Lingüística

ALU: Alumnado

CTIC: Coordinación Tecnoloxías da Información e Comunicación CED: Comunidade Educativa

CLA: Claustro

CEC: Comisión Económica

CCP: Comisión de Coordinación Pedagóxica

DEP: Departamentos

EB: Equipo Biblioteca

PND: Persoal Non Docente TIT: Titores

<b>3. Promover a difusión do Plan de igualdade</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Creación dun bloque de contido propio na páxina web do centro.</li> <li>▪ Difusión das actividades planificadas e os seus resultados no panel da entrada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Páxina web e expositor no espazo de convivencia e igualdade.</li> <li>▪ ED.</li> <li>▪ Comisión coeducación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Número de entradas publicadas.</li> <li>▪ Número de actividades difundidas.</li> </ul>
<b>4. Promover a formación da comunidade educativa en materia de igualdade</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Promover a renovación da participación en PFPP Liña Igualdade.</li> <li>▪ Promover a renovación da participación na convocatoria de Contratos Programa - IGUÁLA-T, CON-VIVE, INCLUYE-T.</li> <li>▪ Promover e colaborar co Concello, en concreto coas Concellerías de Benestar Social e Igualdade, Educación e Deportes, Xuventude e Cultura, na realización de actividades coeducativas, de sensibilización, talleres, obradoiro destinados á comunidades educativa...</li> <li>▪ Promover a coeducación mediante actividades de intercambio con outros centros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Contratos programa. Liña CON-VIVE.</li> <li>▪ CFR A Coruña</li> <li>▪ Erasmus + - KA1</li> <li>▪ Concello</li> <li>▪ ED</li> <li>▪ CLA</li> <li>▪ CE</li> <li>▪ CC</li> <li>▪ DO</li> <li>▪ EB</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Continuidade do PFPP</li> <li>▪ Porcentaxe de participación, por sexos, do alumnado en actividades de convivencia, igualdade e inclusión.</li> <li>▪ Número de actividades realizadas en colaboración co Concello.</li> <li>▪ Intercambio de experiencias con outros centros.</li> </ul>
<b>5. Promover o uso dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Favorecer o emprego dunha linguaxe coeducativa nos documentos do centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ED</li> <li>▪ CLA</li> <li>▪ CCP</li> <li>▪ DO</li> <li>▪ EB</li> <li>▪ EDL</li> <li>▪ CTIC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Porcentaxe de documentos de centro revisados.</li> </ul>
<p><b>6. Promover actividades arredor das datas coeducativas previstas no calendario escolar.</b></p>		
<p><i>Medidas a desenvolver</i></p>	<p><i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i></p>	<p><i>Indicadores de logro</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Planificación cada curso escolar, a través da PXA, de actividades arredor das datas coeducativas previstas no calendario escolar. 25 novembro – Día internacional contra a violencia de xénero. 11 febreiro – Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. 14 febreiro –Desmontando os mitos do amor romántico 17 maio –Día internacional contra a Homofobia e Transfobia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Recurso materiais e económicos</li> <li>▪ DEP</li> <li>▪ CLA</li> <li>▪ CE</li> <li>▪ ED</li> <li>▪ DO</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Número de actividades realizadas arredor de datas conmemorativas.</li> <li>▪ Grao de satisfacción dos participantes.</li> </ul>
<p><b>7. Promover a concreción e actualización do desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral.</b></p>		
<p><i>Medidas a desenvolver</i></p>	<p><i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i></p>	<p><i>Indicadores de logro</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Promover a concreción do desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO e ás modalidades no bacharelato, a través de actividades previstas no marco de programas de innovación educativa como Espazo Maker e Club de Ciencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Programas de innovación educativa</li> <li>▪ ED</li> <li>▪ CLA</li> <li>▪ CCP</li> <li>▪ DO</li> <li>▪ CE</li> <li>▪ EB</li> <li>▪ EDL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Porcentaxe de programacións revisadas coeducativamente.</li> <li>▪ Porcentaxe de participación, por sexos, do alumnado en actividades de innovación educativa: Club de Ciencia, Espazo Maker.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Promover coloquios con persoas que rompen os estereotipos de xénero.</li> <li>▪ Elaborar pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ promover a revisión das programacións cunha perspectiva de xénero.</li> <li>▪ promover entre o profesorado unha guía de identificación de estereotipos.</li> </ul> </li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Porcentaxe de participación, por sexos, do alumnado en actividades de emprendemento: Lanzadeiras e outras.</li> <li>▪ Grao de satisfacción dos participantes.</li> </ul>
<b>8. Fomentar a participación en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo.</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Promover a participación o alumnado en concursos de sensibilización coeducativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Recursos económicos e materiais.</li> <li>▪ ED</li> <li>▪ CLA</li> <li>▪ CE</li> <li>▪ CTIC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Porcentaxe de participación en programas específicos .</li> <li>▪ Porcentaxe de participación, por sexos, do alumnado en programas específicos.</li> </ul>

<b>5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES</b>		
<b>1. Revisión das programacións didácticas desde unha perspectiva de xénero</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Mulleres relevantes en cada ámbito do saber.</li> <li>▪ Saberes asociados tradicionalmente ás mulleres.</li> <li>▪ As desigualdades de xénero.</li> <li>▪ A conquista dos dereitos.</li> <li>▪ Os fitos da historia da humanidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Establecemento, por parte da CCP, das directrices xerais para a elaboración das programacións.</li> <li>▪ Revisión por de Xefatura de Estudos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Porcentaxe de programacións que incorporan ditas contribucións.</li> <li>▪ Porcentaxe de documentos de centro que</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DEP</li> <li>▪ CCP</li> </ul>	incorporan ditas contribucións.
<b>2. Promoción dun cambio metodolóxico través da práctica docente dende unha perspectiva de xénero co fin de producir o cambio cara á escola coeducativa</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Promover a aprendizaxe cooperativa como oportunidade para o tratamento do conflito entre iguais, a negociación, a toma de decisións compartida e o respecto pola diversidade do grupo</li> <li>▪ Promover actividades nas que se fomenta a aprendizaxe dialóxica e o espírito crítico fronte ás desigualdades</li> <li>▪ Promover actividades nas que se practica a comunicación non violenta (positiva, asertiva) como estratexias para a resolución pacífica de conflitos</li> <li>▪ Promover a aprendizaxe entre iguais, co fin de favorecer a convivencia, os espazos de confianza e os factores de protección dentro do grupo.</li> <li>▪ Promover a aprendizaxe significativa co fin de coñecer os intereses, gustos, afeccións, realidades, problemas... do alumnado.</li> <li>▪ Promover a educación emocional co fin de favorecer a expresión das emocións e dos sentimentos.</li> <li>▪ Promover a adopción de normas de funcionamento e compromisos dentro do grupo.</li> <li>▪ Promover actividades nas que se practica a corresponsabilidade no coidado das persoas, dos espazos e do medio.</li> <li>▪ Abordar temáticas consideradas socialmente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PFPP</li> <li>▪ Programa TEI. Responsables docentes e equipo TEI alumnado</li> <li>▪ Punto de encontro TEI</li> <li>▪ ED</li> <li>▪ CLA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Porcentaxe de actuacións Equipo TEI na resolución de conflitos.</li> </ul>

<p>tabú, educativamente pouco abordadas, preocupantes socialmente etc. (educación afectivo-sexual, diversidade LGTBI, adiccións...) co fin de favorecer a visibilidade dos problemas existentes entre o alumnado.</p>		
<p><b>3. Revisión do material didáctico empregado na aula</b></p>		
<p><i>Medidas a desenvolver</i></p>	<p><i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i></p>	<p><i>Indicadores de logro</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Revisión dos valores, normas, representacións, da linguaxe,</li> <li>▪ Selección dos contidos, personaxes, imaxes, actividades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ED</li> <li>▪ Comisión Coeducación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Porcentaxe de materiais de aula que incorporan ditas contribucións</li> </ul>
<p><b>4. Actividades de sensibilización na aula</b></p>		
<p><i>Medidas a desenvolver</i></p>	<p><i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i></p>	<p><i>Indicadores de logro</i></p>
<p>Obradoiros de igualdade de xénero sobre os estereotipos, de visibilización das mulleres nas áreas STEAM</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ED</li> <li>▪ Comisión Coeducación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Número de obradoiros realizados.</li> <li>▪ Grao de satisfacción dos participantes</li> </ul>
<p><b>5. Actividades de información e sensibilización coas familias</b></p>		
<p><i>Medidas a desenvolver</i></p>	<p><i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i></p>	<p><i>Indicadores de logro</i></p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Reforzar labor coeducativo</li> <li>▪ Reforzar corresponsabilidade do alumnado na asunción no fogar e no exercicio do coidado</li> <li>▪ Reforzar a educación afectivo sexual</li> <li>▪ Inculcar pautas de prevención do abuso sexual infantil</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ED</li> <li>▪ DO</li> <li>▪ CE</li> <li>▪ Comisión Coeducación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Número de intervencións realizadas</li> <li>▪ Grao de satisfacción dos participantes</li> </ul>

5.3. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES		
<b>1. Promover a difusión de información sobre igualdade, violencia de xénero, diversidade</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Espazo propio na páxina web do centro.</li> <li>▪ Difusión no panel principal.</li> <li>▪ Visibilización nos puntos de encontro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Expositor no espazo de convivencia, páxina web.</li> <li>▪ ED.</li> <li>▪ Comisión coeducación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Número de entradas publicadas.</li> <li>▪ Número de actividades difundidas.</li> </ul>
<b>2. Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Crear unha sección sobre igualdade/coeducación/feminismo</li> <li>▪ Crear un espazo na biblioteca para visibilizar a sección coeducativa.</li> <li>▪ Promover as lecturas coeducativas no tempo de lectura na aula.</li> <li>▪ Crear un club de lectura coeducativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Recursos económicos aportados pola Consellería.</li> <li>▪ Acondicionamento dos espazos</li> <li>▪ ED</li> <li>▪ CE</li> <li>▪ CEC</li> <li>▪ EB</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Número de exemplares do fondo. Variación porcentual anual.</li> <li>▪ Espazo dispoñible</li> <li>▪ Porcentaxe de lecturas coeducativas no tempo de lectura na aula.</li> <li>▪ Porcentaxe de lecturas coeducativas no club de lectura.</li> </ul>
<b>3. Promover a difusión de contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real e efectiva.</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Colaborar na difusión sobre campañas coeducativas institucionais ou doutras entidades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Expositor no espazo de convivencia, páxina web.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Número de entradas publicadas</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ED.</li> <li>▪ Comisión coeducación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Número de actividades difundidas</li> </ul>
<b>4. Xestión das actividades de lecer e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Xestionar o uso do patio para facelo coeducativo</li> <li>▪ Promover a participación non sexista en actividades deportivas (pavillón e aula de tenis de mesa).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Xestión espazos</li> <li>▪ ED</li> <li>▪ CLA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Porcentaxe de participación, por sexos, do alumnado en actividades deportivas</li> </ul>
<b>5. Incidir no bo uso dos espazos tecnolóxicos.</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Establecer normas de uso cooperativo entre mulleres e homes.</li> <li>▪ Establecer normas de funcionamento das tecnoloxías do centro co fin de corrixir abusos.</li> <li>▪ Priorizar a sensibilización e prevención de problemas de convivencia derivados do incumprimento da Lei de protección de datos persoais respecto da toma ou difusión de contidos que atenten contra a dignidade persoal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Guía de boas prácticas TIC</li> <li>▪ ED</li> <li>▪ CTIC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Porcentaxe de condutas contrarias á convivencia derivadas do mal uso dos espazos tecnolóxicos</li> </ul>
<b>6. Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Promover a sensibilización da comunidade educativa</li> <li>▪ Promover a prevención a través do recoñecemento dos sinais de alerta</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Colaboracións con Concello, Delegación Cruz Vermella, outros</li> <li>▪ ED</li> <li>▪ DO</li> <li>▪ TIT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Número de actividades de sensibilización.</li> </ul>

<b>7. Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas.</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Promover campañas de sensibilización a favor do sexo menos representado.</li> <li>▪ Establecer cotas de participación para procurar que homes e mulleres participen xuntos en todas as actividades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Contratos programa, programas de innovación educativa...</li> <li>▪ ED</li> <li>▪ CLA</li> <li>▪ CE</li> <li>▪ DO</li> <li>▪ TIT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Porcentaxe de participación, por sexos, do alumnado nas actividades realizadas.</li> </ul>

<b>5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR</b>		
<b>1. Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Establecer compromisos de aula/centro para o respecto entre iguais ante problemas de convivencia comúns.</li> <li>▪ Sensibilizar ante o que se entende como bo trato co fin de dar unha pauta de conduta, especialmente en casos de novas aprendizaxes vitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Equipo TEI.</li> <li>▪ Punto de encontro TEI</li> <li>▪ TIT</li> <li>▪ PFPP</li> <li>▪ ED</li> <li>▪ DO</li> <li>▪ CLA</li> <li>▪ CE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Guía de compromisos.</li> <li>▪ Grao de satisfacción dos destinatarios.</li> </ul>
<b>2. Promover actividades de intervención social na comunidade educativa</b>		
<i>Medidas a desenvolver</i>	<i>Recursos dispoñibles. Equipos implicados</i>	<i>Indicadores de logro</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Deseño de actividades en colaboración con outras institucións, tales como: adolescencia 4.0 relacións afectivas e prevención das violencias machistas, obradoiros de educación emocional ...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ED</li> <li>▪ DO</li> <li>▪ CLA</li> <li>▪ CE</li> <li>▪ Comisión coeducación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Número de actividades realizadas</li> <li>▪ Grao de satisfacción dos participantes</li> </ul>

## 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Partindo dos obxectivos xerais e específicos establecidos, e coa idea de avaliar a súa consecución, débense establecer uns indicadores de logro. Estes marcaranse cun determinado horizonte temporal (de un a catro cursos académicos) e cada ano avaliarase o seu proveito.

Sendo este o primeiro ano que botamos a andar o plan de igualdade do centro, ao cabo do ano faremos balance para supervisar os seguintes aspectos:

- cumprimento do plan establecido, actuacións que non se desenvolveron.
- impacto e alcance das accións desenvolvidas na comunidade educativa.
- dificultades observadas no desenvolvemento das accións.
- necesidades de mellora observadas para a súa realización en vindeiros cursos.

Ferramentas empregadas na avaliación:

- Observación
- Valoración das actividades realizadas
- Enquisas final de curso

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os vindeiros cursos escolares co fin de axustar a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos ao noso contexto educativo.